



ELECCIÓN AO CONSELLO ESCOLAR DO CENTRO

Este ano corresponde facer a renovación bianual dos compoñentes do Consello Escolar do centro.

O 27 de outubro, ás 12:10 na biblioteca do centro realizouse o sorteo público para elixir a Xunta Electoral que está a supervisar o proceso.

Dada a importancia que ten o Consello Escolar para o goberno do centro pedimos a colaboración das nais, pais ou titores legais do noso alumnado para presentar a súa candidatura como representante deste estamento, ao que lle corresponden **3** postos pola matrícula do IES Sofía Casanova.

Na actualidade as familias teñen os seus representantes, dos que hai que renovar un **(1)** deles por fin de mandato.

Respecto ao alumnado, hai que renovar os 4 representantes.

O Equipo Directivo quere animar á participación tanto na presentación de candidaturas como no proceso de elección para que toda a comunidade educativa poida participar na boa gobernanza do centro.

Envíase a convocatoria correspondente a este sector.

O Equipo Directivo

Achegamos un resumo das competencias e composición do Consello:

COMPETENCIAS PRINCIPAIS DO CONSELLO ESCOLAR:

- Formular propostas e aprobar a Programación Xeral Anual, sen prexuízo das competencias do claustro de profesores en relación coa planificación e organización docente.
- Elaborar informes a petición da administración competente sobre o funcionamento e actividades do centro
- Participar no proceso de admisión de alumnado para velar que se realice segundo dispón a lei.
- Aprobar o Regulamento de Réxime Interno.
- Coñecer da resolución de conflitos de convivencia e a imposición de sancións segundo a lexislación vixente.
- Aprobar o presuposto do centro e a súa liquidación.
- Promover a conservación e renovación das instalacións e o equipo escolar do centro.
- Propoñer a as directrices para a colaboración con fins educativos e culturais con outros centros, entidades e organismos.
- Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro, a evolución do rendemento escolar e os resultados da avaliación que do centro faga a administración educativa.
- Ser informado da proposta á administración educativa do nomeamento e cese dos membros do equipo directivo.
- Propoñer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro.

COMPOSICIÓN (en función do alumnado do centro). Os membros son elixidos por 4 anos e renóvanse parcialmente, cada 2 anos.

- Directora que actuará como presidente
- Secretario, que actuará como tal do consello pero sen voto
- Xefe de Estudos
- 4 representantes do alumnado
- 3 representantes dos pais e nais do alumnado elixidos de entre os candidatos. Un candidato pode ser proposto pola ANPA (Asociación de Nais e Pais) maioritaria.
- 7 profesores/as elixidos entre o claustro.
- 1 representante do persoal de administración e servizos.
- 1 representante designado polo concello de Ferrol